


## Obxectivos da práctica

1. Preparar medios de cultivo como soporte e fonte de nutrientes para o desenvolvemento dos microorganismos *In vitro*
2. Manexar os instrumentos de uso rutineiro do laboratorio de microbioloxía.
3. Facer un primeiro achegamento á manipulación de microorganismos. Adquirir a idea da importancia do traballo en condicións de esterilidade.



## Material-instrumentos

- Fornillo
- Matraz erlenmeyer
- Placa de Petri
- Culleriña laboratorio
- 25 g de Agar-agar
- Auga destilada
- Bastonciño

## Procedemento

- Preparar 23 g de agar-agar en 1000ml de auga destilada, remove ata que se disolva, lévao a ebulición, pasará de turbio a completamente cristalino Déixao ferver durante 10 minutos. (mellor sería esterilízalo nun Autoclave)
- Deixar arrefriar e aínda morno verte o líquido nas placas de Petri. Deixa arrefriar del todo durante 1 día (as placas deben de quedar tapadas)



## Sementar na placa

Pasando varias veces o bastonciño pola superficie que escolleches (dentes, móbil, tirador da porta, oído,...) fai as estrías no agar da placa de Petri como está indicado no vídeo do aula virtual)

Tápaas e sella co Hydrofilm

Pon o teu nome, fecha e algunha palabra que indique de onde recoliches a mostra (pon todo eso o arredor do borde da placa de Petri)




## O Agar-agar

É unha substancia mucilaxinosa, un polisacárido que se obtén da parede celular de varias especies de algas dos xéneros Gelidium, Eucheuma y Gracilaria, entre outros. A palabra "agar" vén do malayo agar-agar, que significa xelea. Disolto en auga quente e arrefriado vólvese xelatinoso. O seu uso principal é como soporte de cultivo en microbioloxía, para o crecemento de microorganismos. Tamén ten diversos usos: fármacos, fotografías, pinturas, en tecnoloxía alimentaria, como espesante para sopas, xelatinas vexetais, xeados ...

*Gelidium*



*O carrapucho ou pata de galiña*



**"A alegría do descubrimento é a máis viva da mente humna"**  
**Claude Bernard**



## Sementar microorganismos

